



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN CULTURAL E MEDIOAMBIENTAL CENTRO DE ESTUDIOS CHAMOSO LAMAS” PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018**

O Carballiño, 2 de outubro de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte **don Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde- Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **don/dona José Luis Sobrado Pérez** con NIF nº 34.929.900.F en representación da Entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL E MEDIOAMBIENTAL CENTRO DE ESTUDIOS CHAMOSO LAMAS** con CIF G32186470 con domicilio principal Casa da Bexanca - Belvís (Cabanelas) actuando en nome e representación da mesma.

**MANIFESTAN**

- I. Que a Asociación **ASOCIACIÓN CULTURAL E MEDIOAMBIENTAL CENTRO DE ESTUDIOS CHAMOSO LAMAS**” está dedicada á promoción, formación e integración sociocultural dos socios das comarcas do Carballiño e do Ribeiro sen fin lucrativo. Para a consecución deste obxectivo a asociación desenvolverá unha actividade científica, organizará conferencias, xornadas, exposicións, viaxes de estudio, publicacións monográficas, revistas, documentais, andainas culturais...
- II. Que o Concello considera que o labor que realiza a Asociación constitúe unha manifestación cultural e unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, en continua colaboración coas actividades municipais.
- III. É de interese público, o cal supón unha promoción da cultura, a través das seccións de arte, xeografía, medio ambiente, arqueoloxía.
- IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.
- V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou



desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2018** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
463.11 480.00	ASOCIACIÓN CULTURAL E MEDIOAMBIENTAL CENTRO DE ESTUDIOS CHAMOSO LAMAS	1.500,00 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de FORMA DIRECTA as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIONES.

VIII. Que o R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados da actividade cultural:

- *Gastos de mantemento e funcionamento do local social.*
- *Conferencias, cursos...*
- *Edicións de revistas e publicacións (papel e dixital)*
- *Gastos derivados de visitas de estudos (desprazamentos)*

### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a 1.500,00 euros, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do subprograma 463.11 "Investigación científica, técnica e aplicada", polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase o exercicio económico 2018.



### 3. DURACIÓN

Este acordo contempla a execución de actividades culturais durante o período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 31 de outubro de 2018.

### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

### 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.

C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

H. Manter coordinación permanente coa Área de Cultura do Concello do Carballiño.

I. Se se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins



citados.

- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

## 6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite a xustificación da subvención outorgada.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
  - Memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo.
  - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
  - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión.
  - Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCS, cartas de pago, etc.).
  - O pago a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pagado, selo do provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento.
  - Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
  - Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
  - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
- c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida, en cada tempada.
- d) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o día **30 de novembro de 2018.**



## 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións aterase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do concello do Carballiño (BOP Nº 49, de 2 de marzo de 2015).

## 8. GASTOS SUBVENCIONABLES.

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2018 (data de finalización do período de xustificación determinado neste convenio).

## 9. FORMA DE PAGO.

Pagamento único, do 100% da cantidade orzamentada (1.500,00 €) despois da firma do presente acordo e en todo caso trala presentación da conta xustificativa xunto coa solicitude do pagamento da subvención no número de conta corrente indicada. Dito convenio deberá estar publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

En ningún caso poderán imputarse gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (exercicio 2018), ou que os gastos non sexan suficientes para xustificar o importe da subvención concedida.

## 10. DIFUSIÓN.

As partes comprométese a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xenere como consecuencia do desenrolo ad mesma, respetando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidade.

## 11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2018.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

José Francisco Fumega Piñeiro

A PRESIDENCIA DA  
ASOC. CULT. CENTRO DE  
ESTUDIOS M. HAMOSO LAMAS

José Luis Sobrado Pérez